

SIGRID UNDBSET

Sigrid Undset naceu en Dinamarca en 1882, aínda que con só dous anos a súa familia trasladouse a vivir a Noruega. O repentino falecemento do seu pai deixou á familia nunha precaria situación económica, polo que aos dezaseis anos tivo que abandonar os estudos para comezar a traballar como secretaria.

Anos despois viaxou a Roma para aprender arte italiana e realizar o seu soño de ser pintora. Alí coñeceu a un pintor noruegués co que casou. Como a meirande parte das mulleres do seu tempo, pasou a depender do seu home, e cando naceu o seu primeiro fillo Sigrid tivo que deixar a pintura para adicarse só á maternidade.

Despois dun matrimonio opresivo, Sigrid decidiu divorciarse. Esta nova situación persoal levouna a ser consciente dos problemas que se lle presentaban ás mulleres que querían conciliar vida familiar e laboral, polo que se implicou activamente en movementos sociais e políticos en favor dos dereitos das mulleres.

Cando estalou a II Guerra Mundial marchou aos EEUU, onde colaborou de xeito intenso cos movementos contra o nazismo.

En 1907 Sigrid Undset publicou a súa primeira obra "*La señora Martha Oulie*", un libro rompedor no que expuña a infidelidade no matrimonio. Outras das súas obras, como "*Jenny*" ou "*Las mujeres sabias*" presentaban os problemas das mulleres, tendo como protagonistas a profesionais liberadas das estruturas sociais e matrimoniais establecidas.

"*La corona*", "*La señora*" e "*La cruz*" son os tres títulos que conforman a súa triloxía centrada na Idade Media e que se converteron nun clásico da literatura norueguesa, consagrándoa como escritora.

No ano 1928 recibiu o Premio Nobel de Literatura polas súas poderosas descrições dos nórdicos durante a Idade Media. Pouco despois converteuse na primeira muller en presidir a Sociedade Norueguesa de Autores.

Sigrid, que non deixou de escribir ata o final dos seus días, morreu en Noruega en 1949.

Pablo Iglesias Bemposta

1º Bacharelato A